



IES RIBEIRA DO LOURO

Ribeira, s/n – Torneiros, 36410 O PORRIÑO
Telf.: 986 33 39 56 – Fax: 986 33 37 84



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 30 de setembro de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 29/09), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **1 pas**, dun total de 1 que debe ter o Consello Escolar.

2.- Son electores todos os membros do persoal de administración e servizos que traballan no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 15 de novembro.

3.- Son elixibles os membros do pas, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro. **As candidaturas poderán ser presentadas do 4 de novembro ata as 14:00 horas do citado día 16 de novembro.**

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre o pas que non se presente como candidatos/as, o día **17 de novembro, ás 11:00 horas**. Dita mesa electoral estará composta pola Directora do Centro, que actuará como Presidenta, e un membro do cadro de persoal de administración e servizos (o de maior idade), actuando de secretaria a secretaria do centro.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o **18 ao 24 de novembro**, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. **O día 23 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.**

6.- Poderán actuar como supervisores da votación o persoal de administración e servizos do Centro, que estean avalados cando menos pola firma de 3 electores/as.

7.- As votacións realizaranse neste IES o **día 24 de novembro das 13:00 horas ata as 13:45 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 13:00 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo **de un nome** dos candidatos presentados. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

9.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

10.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

O Porriño, 2 de novembro de 2021

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,



Asdour Juana Rosa Muñoz Ibernón